



Rfra.: 45 OXPC/2017

INFORME DO ORGANO DE XESTION ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE

ASUNTO: CONTA XERAL DO CONCELLO DE PONTEVEDRA, DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS: I.M.D. E PAZO DE CONGRESOS E EXPOSICIÓNS, E DA EMPRESA MUNICIPAL “TURISMO DE PONTEVEDRA S.A” CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2016.

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- a) Artigos 200, 208 e 212 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- b) Orde HAP 1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local (ICAL 13).
- c) Artigo 4 do RD 1174/87, de 18 de setembro, polo que se aproba o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local, con habilitación de carácter nacional (RFHN.).
- d) Artigo 56 e 57 do Regulamento Orgánico do Goberno e da Administración do Concello de Pontevedra.(ROGA)

INFORME:

En virtude do establecido no artigo 208 e ss do TRLRFL se procede á formación da Conta Xeral do Concello de Pontevedra correspondente ao exercicio de 2016, que integra determinados estados e contas comprensivas de tódalas operacións realizadas durante o exercicio, tanto presupostarias, como non presupostarias, patrimoniais e de tesourería, indicando a regra 45 da ICAL13 que:



“As contas anuais que integran a Conta da propia entidade local e as que deberá formar cada un dos seus organismos autónomo son as seguintes:

- a) Balance.*
- b) A Conta de resultado económico-patrimonial.*
- c) O estado de cambios no patrimonio neto.*
- d) O estado de fluxos de efectivo.*
- e) Os estados da liquidación do Orzamento.*
- f) A Memoria.”*

En canto ao contido da Memoria que regula o PXCPAL, hai que indicar unha excepción que afectan á elaboración destas segundas contas anuais coa nova ICAL 13:

- A DT3^a atrasa ata as contas anuais que correspondan ao exercicio 2017 (que se elaboran no 2018) a obriga de incluír información na Memoria sobre a nota “26. Información sobre o custe de actividades” e a nota “27. Indicadores de xestión”, aos efectos de dar un tempo razoable que permita a implantación dunha adecuada contabilidade de custes.

A este respecto e fundamental e necesario que xa se dispoñan dos medios necesarios e adecuados, tanto materiais e económicos, para a **implantación da contabilidade analítica** neste Concello.

De non ser así, aparte de non poder dar cumprimento á normativa contable das entidades locais, tampouco se estará cumprindo un dos fins regulados na Regra 13 da ICAL como é o “facilitar información para o custe e rendemento dos servizos” de cara aos cidadáns así como para facilitar a a toma de decisións políticas.

Neste senso indicar que por parte deste OXPC se informou da necesidade desta contratación, contando co beneplácito da Concellería de Facenda para proceder a a levar a cabo as actuacións necesarias para a súa implantación.

Así, no pasado mes de outubro foi asinado un contrato menor para levar a cabo o deseño e implantación da contabilidade analítica, comenzando co **“Proxecto piloto: servizo de recollida de lixo, ciclo da agua e servizos sociais”**, do que se encarga profesorado da Universidade Complutense.

No que respecta a **Turismo de Pontevedra, SA** a regra 46 da ICAL13 dispón que as contas anuais que deberán formar as sociedades mercantís serán as previstas no Plan Xeral de Contabilidade ou no das pequenas e medianas empresas.





Tendo en conta o anterior **foi formada a CONTA XERAL do exercicio 2016**, tal e como determina o apartado f) do artigo 57.4 do ROGA, de conformidade co establecido no artigo 212 do TRLRFL, estando integrada por:

- a da propia entidade local.
- a do OA Instituto Municipal de Deportes.
- a do OA Pazo de Congresos e Exposicións.
- polas contas anuais de Turismo de Pontevedra, SA.

Así mesmo, ás contas anuais da propia entidade local e dos seus organismos, se lle engadiu a **documentación complementaria prevista na regra 45.3 ICAL13**, correspondente ás actas de arqueo das existencias en Caixa referidas a fin de exercicio, máis as certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes na mesmas a favor do Concello e dos OOA.

Tamén se acompañan as Memorias requiridas polo artigo 211 do RDL 2/2004.

I.- ANALISE DA SITUACION ECONOMICO FINANCEIRA

Para realizar unha análise da xestión económica e financeira do Concello e da situación ao finalizar o exercicio 2016, hai que ter en conta a información que resulta dos Estados e Contas Anuais distinguindo dous grupos de documentación:

- Os relacionados coa LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO. *Ver informe á Liquidación do exercicio 2016 (Rfra. 7 OXPC/2017) do 8 de marzo de 2017.*
- Os que reflicten os movementos financeiros e patrimoniais e a situación final (Balance, Conta do resultado económico-patrimonial, Estado de cambios no patrimonio neto, Estado de fluxos de efectivo e a Memoria), que serán os que se analicen deseguido.

Porén, e logo de facer unha breve apreciación ao Balance de Comprobación; se procede a realizar unha análise do Balance de Situación, da Conta de Resultados, Estado de cambios no patrimonio neto e do Estado de fluxos de efectivo para o que será necesario contar cos estados da Memoria, xa que esta ten como función completar, ampliar e comentar a información contida nos outros documentos integrantes das Contas Anuais.



1.

CONCELLO DE PONTEVEDRA

A.- BALANCE DE COMPROBACION

Advertido un erro no asento de peche do exercicio de 2016, onde se rexistraron indebidamente os saldos contables das contas de Amortización Acumulada de Maquinaria e Utillaxe (281.4) e a de Amortización Acumulada de Instalacións Técnicas (281.5) , se procedeu á súa rectificación no asento de apertura de 2016, quedando os saldos debidamente reflectidos, mantendo inalterable o importe total de ambas contas, de acordo o seguinte cadro:

CONTA PXCP	IMPORTE A 31/12/2015	IMPORTE A 1/01/2016
281.4	506.757,03 €	1.798.911,06 €
281.5	1.550.974,50 €	258.820,47 €
TOTAL	2.057.731,53 €	2.057.731,53 €

B.- BALANCE DE SITUACION

O Balance de Situación reflicte coa debida separación o activo, o pasivo e o patrimonio neto da entidade, clasificando entre partidas correntes e non correntes segundo deba ser considerada a corto ou a longo prazo a súa realización no caso do activo ou a liquidación no caso do pasivo.

A 31 de decembro de 2016 o importe total do balance presenta un valor de 119.288.326,14.-€, debendo destacarse as seguintes partidas:

- O importe do **activo non corrente** ascende a 84.400.771,45.- € dos que corresponden a:

ACTIVO NON CORRENTE	IMPORTE	NOTA MEMORIA
Inmovilizado intanxible	44.287,29 €	MEMG.8.1 Coste_13
Inmovilizado material	84.296.382,16 €	MEMG.5.1 Coste_13
Investimentos financeiros	60.102,00 €	MEM G.10.1.a_13
TOTAL	84.400.771,45 €	





Nas notas da Memoria que se indican se amplía e completa a información destes epígrafes, indicando os saldos iniciais, as variacións durante o exercicio e o saldo final de cada unha das contas que os integran.

Destacar aquí a imposibilidade de poder proceder a unha correcta dotación da amortización dos bens ante a inexistencia dun Inventario de bens a pesares dos reiteradas advertencias efectuadas por este OXPC nos anteriores informes ás sucesivas Contas Xerais.

Logo de varios intentos infrutuosos como foi o último “Contrato administrativo de servizos de realización da primeira fase do inventario de ben e servizos do Concello, OOAA e entes dependentes”, cuxos resultados de nada serven para a elaboración dun inventario contable (na tramitación deste contrato non se contou coas suxestións e opinións que ao respecto poderían aportarse tanto dende este OXPC como dende a Intervención Xeral); vaise levar a cabo un estudo sobre o patrimonio do concello por empresa especializada no ámbito local e lograr así un deseño e implantación dun modelo de xestión patrimonial que permita dar cumprimento ás obrigas establecidas tanto no Regulamento de Bens como na ICAL13 co fin de conseguir unha maior e mellor xestión do patrimonio municipal.

- Se procedeu á dotación para amortización do inmovilizado material aplicando os criterios e as porcentaxes de amortización que veñen nas BEP do Orzamento si ben foron aprobados polo Pleno da Corporación de conformidade coa normativa aplicable:

Os asentos contables da dotación da amortización foron o 2016-81015, 2016-81016 e 2016-81017.

- O **activo corrente** ascende a contía de 34.887.554,69.-€ que ven formado polo efectivo, mais os debedores pendentes de cobro presupostarios unha vez descontados o que se consideran de dubidoso cobro, máis as inversións financeiras pendentes de cobro (créditos a c/p a empregados municipais).

Respecto deste último indicar que este OXPC levará a cabo no exercicio de 2017 unha **depuración do saldo da conta 542.9** ao non coincidir este cos dereitos pendentes no capítulo 8 de ingresos, e que si están conciliados cos datos do programa de Nómina.

A información detallada das distintas partidas do activo figura nos diferentes estados da Memoria que integran a Conta xeral.

Hai que indicar expresamente que na data deste informe acaba de ser remitida para a súa comprobación a **Conta de Recadación de 2016**, logo dos traballos realizados para obter a conciliación cos estados contables e a aprobación das do exercicio 2015, que foron informadas por este OXPC (28 OXPC/2017) o

Michelena, 30; 36071-Pontevedra; 986100185



pasado 25 de maio de 2017.

Así mesmo insistir unha vez mais no feito de que seguen sen estar incluídos no proceso de integración ingresos que supoñen un montante importante tales como saneamento e sumidoiros; abastecemento de auga e lixo (*non así lixo do rural*) ; e multas.

- En canto ao **patrimonio neto** figura no Balance un importe de 86.142.289,06.-€. Os seus movementos veñen reflectidos no Estado total dos cambios do patrimonio neto (ECPN) e serán analizados ao falar deste estado seguidamente.
- O **pasivo non corrente** ascende a 8.849.927,15.-€ que se corresponde co capital pendente de amortizar **a longo prazo** dos préstamos que mantén concertados este Concello coas entidades bancarias e que xa están consolidados . O seu detalle está na nota da memoria MEM G.11.1.a_13, no que se distingue a débeda a corto e a longo prazo:

CONTA PXCP	IMPORTE	EPIGRAFE DO BALANCE
CONTA 170.X (préstamos l/p)	8.849.927,15 €	B).II.2
CONTA 522 (vctos préstamos en 2017)	2.303.584,51 €	C).II.2
CONTA 529.XX DEVOLUCION PIE 2009	82.801,11 €	C).II.4
MEM G.11.1.a_13	11.236.312,77 €	

As operacións concertadas durante os exercicios 2015 e 2016 co Banco Sabadell e ABANCA respectivamente, se atopan en carencia ao non transcorrer aínda os dous anos dende a súa data de formalización.

- O **pasivo corrente** ascende a 24.296.109,93.- dos que 2.303.584,51.-€ é o importe da amortización prevista para 2017 polos préstamos concertados; 82.801,11 .-€ é a cantidade que se vai devolver en concepto das liquidacións da PTI correspondentes aos exercicios 2009, tal e como se explicou no epígrafe anterior.

O importe restante comprende as obrigas pendentes de pago tanto orzamentarias como non orzamentarias da que a súa información se detalla nos estados integrantes da Memoria.

Polo que respecta á **conta (413)** “Acredores pendentes de aplicar ao Orzamento” que presentaba un saldo inicial de 889.881,39.-€, a 31 de decembro se pechou cun saldo de 420.186,51.-€ (*ver os movementos no estado da memoria MEM G.24.1.1.c*)

Michelena, 30; 36071-Pontevedra; 986100185





C.- CONTA DE RESULTADO ECONOMICO-PATRIMONIAL.

Esta conta recolle o resultado económico-patrimonial obtido no exercicio e está formada polos ingresos e gastos do mesmo, excepto cando proceda a súa imputación directa ao patrimonio de acordo co que prevea as normas de valoración; agora ben, se trata de ingresos e gastos en senso económico, non unicamente os presupostarios.

Así na parte de ingresos ademais dos ingresos obtidos polos capítulo un ao cinco e sete se lle engadiron neste caso as imputacións a resultados das subvencións para o inmovilizado; e para os gastos ademais dos obtidos polos capítulos un a cinco e sete, hai que considerar a dotación da amortización do exercicio, os gastos pendentes de aplicación ao orzamento por operacións de xestión, así como o incremento na provisión do dubidoso cobro do exercicio.

O resultado obtido no exercicio de 2016 é un resultado positivo de 12.913.272,57.-€, fronte aos 6.070.627,98.-€ que se obtiveron no 2015; que ven supoñer que os ingresos en termos económicos durante o exercicio de 2016 foron superiores nesa contía aos gastos en senso económico: destaca o incremento dos ingresos obtidos por impostos mais as transferencias recibidas; sendo menores por outra banda os gastos de xestións comúns.

No exercicio 2016 foi aplicado o saldo acreedor da conta (129) na conta (120):

Asento nº 2016- 80985

----- X -----
6.070.627,98 € <i>Resultado do Exercicio (129)</i>
a
Resultados de Exercicios anteriores (120) 6.070.627,98 €
----- X -----

D.- ESTADO DE CAMBIOS NO PATRIMONIO NETO.

O estado ECPN está dividido en tres partes:

- O estado total de cambios no patrimonio neto, que informa de todos os cambios que se produciron no patrimonio neto. O Patrimonio neto final do exercicio 2016 é de **86.142.289,06.-€**, tal e como tamén se recolle no Balance de Situación.

Destacar que desa contía, 4.133.284,69.-€ corresponden a subvencións recibidas pendentes de imputar a resultados. En concreto corresponde a:



		EJERCICIO	ENTRADAS 130	IMP RESULT 2015	IMPUT RESULT 2016
141161901023	RENOV NOVO ACCESO SUR N-550	2015	4.069.180,95 €	20.345,90 €	81.383,62 €
150161971002	MELLORA CAMIÑOS CABINAS A IGREXA	2015	97.848,86 €	978,49 €	1.956,98 €
161161971081	MELLORA CAMIÑO O ROZO-AGADER	2016	71.157,06 €	0,00 €	237,19 €
		Total 2016	4.238.186,87 €	21.324,39 €	83.577,79 €

Sf 31/12/2015 (130)	4.145.705,42 €
Sf 31/12/2016 (130)	4.133.284,69 €

- Na segunda parte “**Estado de ingresos e gastos recoñecidos**” se recolle as o saldo final da conta (129) que ven coincidir coa conta de resultados do exercicio , isto é 12.913.272,57.-€

En canto as **outras variacións do patrimonio neto**, se recolle por unha parte a diferenza entre o saldo inicial e final da conta (120) e se reflicten os incrementos patrimoniais producidos que neste caso acada a contía de 6.070.627,98 .-€ que se corresponden coa aplicación de resultados do exercicio anterior.

- E na terceira parte se reflicten as operacións coa entidade ou entidade propietarias, que neste caso é de cero euros.

E.- ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO.

Este estado que é unha das novidades que establece o novo PXCPAL da ICAL13, informa sobre a orixe e o destino dos fondos “líquidos” sen que se recollan os movementos internos de tesouraría, reflectindo por distintas agrupacións os distintos fluxos:

- O **fluxo de efectivo das actividades de xestión**, que son os que constitúen a principal fonte de xeración de efectivo. No exercicio de 2016 o importe xerado foi de 12.403.957,26.-€ fronte os 13.875.797,69.-€ de 2015.
- O **fluxo efectivo das actividades de investimento**, que son os pagos que teñen a súa orixe na adquisición de elementos do inmovilizado así como dos cobros procedentes da súa enaxenación ou amortización. O importe negativo de 10.394.284,39.- € reflicte que a practica totalidade deste fluxo se xerou cos pagamentos dos investimentos reais, que ven reflectido no epígrafe “Compras de investimentos reais”.
- O **fluxo de efectivo das actividades de financiamento** recolle fundamentalmente recursos aportados por terceiros en forma de préstamos ou outros instrumentos de financiamento, así como polas achegas ao patrimonio da entidade.

Obtívose un fluxo positivo de 1.592.553,74.-€ que comprenden os cargos e abonos que proceden de fianzas e depósitos constituídos, contas do subgrupo 56 do PXCPAL, mais a amortización de pasivos financeiros (capítulo 9 de

Michelena, 30; 36071-Pontevedra; 986100185





gastos).

- Xa por último indicar que o importe positivo de **955.863,75.-€** dos **fluxos de efectivo pendentes de clasificación** corresponde a aqueles cobros dos que se descoñece a súa orixe no momento de elaborar este estado: é a diferenza entre os cobros realizados e os pagos realizados dos ingresos pendentes de aplicación. (ver MEM G.21.3a_16C_04)

Lembrar aquí unha vez máis o que ven pondo de manifesto este OXPC en anteriores informes no relativo a existencia de saldos das contas restrinxidas de recadación que están pendentes de clasificar, e que cada exercicio ven aproximándose ao dous millóns de euros.

G.- MEMORIA

Como xa foi indicado anteriormente, a Memoria ten como función explicar e ampliar a información subministrada polos demais estados e contas anuais. En cumprimento do establecido na ICAL 13, forman parte desta Conta Xeral os estados previstos para o exercicio 2016 (*como xa foi explicado ao inicio deste informe non se confeccionan as notas 26 e 27 en virtude da DT3ª*).

Ao longo do informe xa foron sinalados certos estados da memoria nos que se amplía a información das contas anuais analizadas.

Polo tanto, neste epígrafe vaise destacar os seguintes estados que aportan e aclaran certa información do balance que aínda non foi exposta:

1. Nos estados MEM G.15.1 e MEM G.15.2 se recollen as **transferencias e subvencións recibidas e concedidas**, que teñan a consideración de significativas.

Na Base de Execución BEP 73.b) se contempla que terán esa consideración as superiores a 3.000.-€. Deste xeito son relacionadas individualmente cada unha delas, recollendo o importe total das menores desa cifra xa que do contrario da un erro no envío da Conta Xeral á Plataforma de Rendición ao Tribunal de Cuentas.

2. Polo que respecta ao estado MEM G.17.2_13 "**Beneficios fiscais por razóns medioambientais**" indicar que foron trasladados aquí os datos que reflectiu a titular do OTXT no seu informe de data 7 de xullo.
3. En canto ás operacións non presupostarias de tesouraría destaca o importe que se reflicte na conta 561.80 "**Depósitos pendentes XEN_AMP**" e que ascende a fin de exercicio a 742.781,05.-€. Desa contía, 536.531,32.-€ corresponden aos ingresos que derivan do Concerto con UNESPA para contribución de servizos de extinción de incendios, e que por diversas discrepancias que foron plantexadas no seu día por esta Intervención ao OTXT na tramitación do correspondente expediente, e non resoltas a día de hoxe están pendentes da súa aplicación efectiva.



Engadir que con data 30 de novembro de 2016 foi devolta por este OXPC un acta de entrega de contribucións especiais denominada CCEELA1610 que correspondía a 72 liquidacións de distintas compañías aseguradoras, por un importe total de 262.039,48.-€, con motivo de que se aclararse a que obedece a aprobación desas liquidacións sen que ata a data de emisión deste informe conste ningunha aclaración ao respecto por parte do OTXT.

4. Nos estados MEM G.20.1 ao MEM G.20.3.d se reflicten **as operacións por recursos de outros entes públicos**; en concreto o recargo provincial do IAE, e mais recentemente o **canon de Augas de Galicia**. Pois ben, é necesario reiterar aquí as dificultades que manifesta ter o OTXT á hora de rendición dos datos correspondentes ao canon da agua para facer unha conciliación de saldos cos datos contables dos que dispón este OXPC. En sucesivos informes xa foi advertido que este OXPC unicamente fai a comprobación de existencia de saldo suficiente por este concepto na conta 453, sen que ata a data se facilitase polo OTXT un estado de conciliación de saldos.
5. De seguido o estado máis significativo é o que reflicte a **contratación administrativa** MEM G:22.1_13; os seu datos foron aportados polo servizo de contratación, agás os que corresponden aos contratos menores, que ao igual que sucedeu no exercicio de 2015, foi realizado por Intervención en base a datos do rexistro contable e do xestor de expedientes; polo que os datos poden conter algún erro por non vir avaliados por ningún servizo xestor que os centralice.
6. Por último, é necesario mencionar os estados que se refiren a **exercicios pechados do orzamento de Ingresos**.

Logo da aprobación da integración e conciliación dos saldos contables e das contas de recadación, a día de hoxe aínda non se iniciou o correspondente expediente para a tramitación, de selo caso, da súa baixa en contabilidade.

Agora ben, certo é que os dereitos que corresponden ao capítulo 4,7 e 9 de ingreso de pechados non están afectados por ese expediente pendente de tramitar; porén iniciárase por este OXPC a tramitación da súa baixa en contabilidade durante o exercicio de 2017 xa que corresponden a saldos dos que non existe ningunha proba de que a día de hoxe poidan considerarse como pendentes de cobro (*engadir que xa son considerados como de dubidoso cobro no cálculo do RT*):

CAPITULOS DE INGRESOS	PENDENTES DE COBRO EXERCICIOS 1985-2003
4,7 e 9	780.031,96 €

Michelena, 30; 36071-Pontevedra; 986100185





OO.AA. ADMINISTRATIVOS

En canto ás contas anuais dos dous OO.AA IMD e Pazo de Congressos e Exposicións, que veñen determinadas pola ICAL13 e polo tanto, comprende o Balance de Situación, Conta do resultado económico-patrimonial, Estado de cambios no patrimonio neto, Estado de fluxos de efectivo, Estado de Liquidación do Orzamento e Memoria, se incorpora toda a documentación ao expediente da Conta Xeral.

Hai que destacar que o **IMD foi disolto o 31 de decembro de 2016**, polo que en cumprimento a normativa contable e de conformidade coas consultas emitidas pola IGAE ao respecto, deberan ser trasladados os seus saldos do asento de peche ao asento de apertura do Concello de 2017.

A tal efecto se emitirá o informe correspondente onde quede debidamente reflectido a acumulación e traspaso de saldos, a raíz do reflectido no informe do OXPC á liquidación do IMD do exercicio 2016 (Rfra.17 OXPC/2017) onde se puñan de manifesto **as discrepancias para o traspaso de saldos de ingresos**, e do que foi remitida copia no seu día tanto ao OTXT como ao agora Servizo de Deportes, sen que ata a data nin polo OTXT nin polo Servizo de Deportes se remitirá informe algún.

A título resumido a situación no que respecta aos ingresos sobre os que existen discrepancias, se reflicte na táboa seguinte:

CAPITULO 3 DE INGRESOS	SALDOS s/ OTXT 28 dic 16	PROPOSTA DE BAIXA DO OTXT	SALDOS PENDENTES COBRO s/ proposta do OTXT
2012 e anteriores	55.811,55 €	55.811,55 €	0,00 €
2013 a 2016 (dif 43,26 dun ingreso posterior non contemplado no informe do OTXT)	96.976,52 €	75.745,87 €	21.230,65 €
TOTAL CAP 3I s/ OTXT	152.788,07 €	131.557,42 €	21.230,65 €

CAPITULO 3 DE INGRESOS	SALDOS CONTABILIDADE E a 28 dic 16	BAIXAS CONTABILIZADAS	SALDOS PENDENTES COBRO s/ CONTABILIDADE
2012 e anteriores	55.811,55 €	24.459,08 €	31.352,47 €
2013 a 2016 (dif 43,26 dun ingreso posterior non contemplado no informe do OTXT)	96.933,26 €	0,00 €	96.933,26 €
TOTAL CAP 3I s/ SICAP-	152.744,81 €	24.459,08 €	128.285,73 €



CONTABILIDADE			
---------------	--	--	--

O importe que non foi obxecto de baixa en contabilidade e que ven proposto polo servizp xestor ascende a contía de 107.055,08.-€ (128.285,73 – 21.230,65).

TURISMO DE PONTEVEDRA S.A.

Foron incorporadas á formación da Conta Xeral do Concello ás contas anuais de Turismo de Pontevedra SA, remitidas a este OXPC o 7 de xullo de 2016, logo da súa aprobación na Xunta Xeral Extraordinaria celebrada o 19 de xuño de 2017.

Analizados tanto o balance de situación, a conta de perdidias e ganancias, así como a Memoria, pódese confeccionar o seguinte cadro que nos vai a posibilitar unha mellor análise da xestión dos recursos e do resultado obtido en 2016:

CONCEPTO	IMPORTE
Ventas de visitas guiadas e merchandising	12.622,12 €
Ingresos financeiros	1.989,75 €
Achega do Concello de Pontevedra no 2016	405.000,00 €
Débedas con empresas do grupo (subv. recibidas pendentis imputar a resultados a 31-12-15)	206.262,10 €
TOTAL "INGRESOS"	625.873,97 €
Gastos publicidade, asistencias técnicas, consumo de mercaderías, e outros servizos	484.130,07 €
Dotación amortización e regul. provisionis.	46.013,22 €
TOTAL "GASTOS"	530.143,29 €
DIFERENCIA I-G (saldo conta deudas con empresas do grupo a 31 dic)	95.730,68 €

Así:

- De acordo co establecido na Norma 6ª da Orde EHA/733/2010, de 25 de marzo, pola que se aproban aspectos contables de empresas públicas que





operan en determinadas circunstancias, as transferencias con finalidade indeterminada para financiar os déficits de explotación ou gastos xerais de funcionamento da empresa, non asociados a ningunha actividade en concreto senón ao conxunto das actividades que realiza, contabilizaranse directamente na conta de fondos propios da empresa (ver NOTA 7 da Memoria)

- Nas notas 6 e 12 da Memoria se expón que o Concello recoñeceu unha consignación orzamentaria en 2016 por importe de 405.000,00.-€, e que na medida que dito orzamento non foi executado no exercicio, a parte da consignación non executada recóllese no epígrafe “Débedas con empresa do grupo a c/p”, que presenta un saldo de 95.730,68.-€.
- A vista do exposto, se procede á análise do saldo que presenta a conta Débedas con empresas do grupo:

Saldo a 31 dic 2015	206.262,10 €
Achega municipal 2016	405.000,00 €
Resultado do exercicio (conta PyG)	-515.531,42 €
Saldo a 31 dic 2016	95.730,68 €

Repítese unha vez mais a situación de desequilibrio que se ven producindo nos anteriores exercicios, respecto do que este OXPC informou o seguinte na Conta Xeral do 2014, coa diferenza de que tal e como se expón no seguinte apartado, agora si presenta inestabilidade en termos SEC:

- “ Toda vez que ata o 1 de decembro de 2014 a empresa non estaba catalogada como Administración Pública, aplicada a norma 6ª citada, a empresa de Turismo SA manifestaría unha situación de desequilibrio financeiro ante a existencia de resultados negativos de explotación en dous exercicios contables; isto daría lugar a que a Entidade Local tería un prazo de seis meses para a súa disolución. (Ver Ley 27/2013).*
- Agora ben, como a partires do 1 de decembro de 2014, esta empresa foi sectorizada pola IGAE como Administración Pública, a situación de equilibrio ou desequilibrio financeiro analizarase en termos SEC95, e tal e como queda reflectido no apartado seguinte, pódese afirmar que presenta unha situación de estabilidade orzamentaria, que ademais debe ser medida en termos consolidados; polo que non se atoparía na situación descrita no apartado anterior.*



- *En calquera caso, e independentemente do seu tratamento contable, o certo é que a empresa non xenera os suficientes recursos , financiándose case integramente coa transferencia outorgada anualmente polo Concello de Pontevedra. O que pode levarnos a unha reflexión sobre a conveniencia da súa existencia e continuidade. “*

Con data 21 de xullo de 2016 se recibe **escrito do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas** requiríndolle ao Concello que lles remita a información relativa á **extinción de Turismo SA**, toda vez que efectuada a revisión da información presupostaria e económico-financeira conforme a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, púxose de manifesto que para Turismo SA se reúnen as condicións a que se refire a disposición adicional novena da Lei 7/85 para a súa disolución.

Á espera da contestación que remita o Ministerio ás alegacións que foron presentadas por este Concello, debe terse moi presente a situación na que se atopa agora mesmo este ente, e que será determinante para que poida seguir co exercicio ordinario da súa actividade.

II.- ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.

No xa referido informe emitido por este OXPC á Liquidación do Orzamento de 2016 (Rfra.7 OXPC/2017) do 8 de marzo de 2017, foi efectuado o cálculo da estabilidade orzamentaria.

Agora ben, a avaliación do obxectivo de estabilidade corresponde á Intervención local, debendo pois, proceder ao seu cálculo en termos consolidados (inclúese a empresa municipal de Turismo, S.A. a raíz da súa sectorización pola IGAE como Administración pública a partires do 1 decembro de 2014), unha vez practicados os axustes en termos de Contabilidade nacional, segundo o Sistema Europeo de Cuentas (ver explicacións axustes practicados no informe á liquidación reseñado no inicio deste informe).

Poñer de manifesto que en reiteradas ocasións se advertiu da falta de datos da **Fundación Monte- Castrove e que son requiridos** polo Ministerio a través da OVEELL; cuestión que foi informada por este OXPC (Rfra 26 OXPC/2017) en data 16 de maio de 2017, e remitido ao Gabinete de Alcaldía para o seu coñecemento.

Unha vez que os datos de Turismo SA xa non son unha estimación, procédese ao cálculo da súa capacidade de financiamento en termos de contabilidade nacional,

Michelena, 30; 36071-Pontevedra; 986100185

Este documento foi emitido electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: <https://sede.pontevedra.gal> introducindo o seguinte código seguro de verificación:JOICB88UUQQJGZJ5





extraendo os datos tanto do balance como da conta de perdas e ganancias. Así:

CONCEPTOS	INGRESOS CONTA P e G s/criterio mercantil	Ing s/ Contab Nacional	Non Ing s/ CNacional
Cifra de negocios	12.622,12 €	12.622,12 €	0,00 €
Excesos de provisións	1.951,83 €	0,00 €	1.951,83 €
Achega Concello	0,00 €	405.000,00 €	0,00 €
Ing financeiros	37,92 €	37,92 €	0,00 €
TOTAIS (A)	14.611,87 €	417.660,04 €	1.951,83 €

CONCEPTOS	GASTOS CONTA P e G s/ criterio mercantil	G s/ Contab nacional	Non G s/ CNacional
Aprovisionamentos	33.166,66 €	33.166,66 €	0,00 €
Outros gastos explotación	489.889,72 €	450.963,41 €	38.926,31 €
Outros resultados	1.500,00 €	0,00 €	1.500,00 €
Dotación amort	5.586,91 €	0,00 €	5.586,91 €
Variación de existencias	0,00 €	-1.493,11 €	0,00 €
TOTAIS (B)	530.143,29 €	482.636,96 €	46.013,22 €

OPERACIONES	CONTA P e G s/criterio mercantil	CONTA P e G s/ CN	Dato a considerar para cálculo superávit
TOTAIS	-515.531,42 €	-64.976,92 €	0,00 €

En consecuencia a estabilidade orzamentaria en termos consolidados sería:

ENTIDADE	CONCELLO	IMD	PAZO	TURISMO SA	ELIMINACIONES	CONSOLIDACION
DDR CAPS 1-7 I	69.563.351,54 €	1.440.668,23 €	1.376.859,22 €	417.660,04 €	-2.900.930,00 €	69.897.609,03 €
OR CAPS 1-7 G	63.779.110,71 €	1.276.047,34 €	1.377.544,42 €	482.636,96 €	-2.900.930,00 €	64.014.409,43 €



AXUSTES	-203.750,50 €	-298,68 €	7.384,06 €			-196.665,12 €
TOTAL	5.580.490,33 €	164.322,21 €	6.698,86 €	-64.976,92 €	0,00 €	5.686.534,48 €

O artigo 32 da LOEPSF establece que o superávit obtido na liquidación orzamentaria - en termos consolidados- se destinará a reducir o endebedamento neto. Por conseguinte, tendo en conta as achegas positivas tanto do Concello como dos OAAA, en termos de grupo o superávit é de 5.751.511,40.-€ (a SA aporta cero euros ao superávit)

A vista do exposto, indicar que este, no caso de non acollerse o Concello ao disposto na DA 6ª da LOEPSF, prorrogada pola DT 96ª da LPXE para 2017, terá que obrigatoriamente ser destinado á amortización dos préstamos que teña concertado o Concello.

III- CONCLUSIONS.

- A presente Conta Xeral contén todos os Estados e Contas Anuais previstos na ICAL 2013 para a súa confección.
- Tal e como se pode desprender do explicado nas notas 4. “Normas de Valoración” e 29 “Aspectos derivados da transición ás novas normas contables” non foi posible dar cumprimento ao que se establece na nova ICAL respecto da valoración dos distintos elementos patrimoniais que conforman o balance, fundamentalmente no que respecta ao inmovilizado material, consecuencia principal da inexistencia dun inventario contable.
- Se incorporan á Conta Xeral ás Memorias indicadas no artigo 211 do TRLRFL, poñendo de manifesto unha vez a imposibilidade de reflectir de maneira precisa uns datos sobre custes ao non contar cunha adecuada contabilidade analítica.
- Se debe marcar pois, como obxectivo prioritario a confección do Inventario “contable”, para o que este OXPC solicita unha vez mais os medios e recursos necesarios; así como dar prioridade á implantación da contabilidade de custes que será obrigatoria a partires do exercicio de 2017.
- Por este OXPC procederáse á tramitación do expediente de regularización dos dereitos pendentes de cobro de pechados dos capítulos 4, 7 e 9 de ingresos, mais do saldo da conta (542.9).
- E necesario que se proceda a emisión dos informes dos servizos correspondentes para aclarar os temas da Contribucións especiais de Incendios, mais dos dereitos pendentes de cobro do extinto IMD .
- Importante revisar a situación de Turismo SA á vista do escrito presentado polo Ministerio de Facenda requirindo información sobre a disolución de este ente, que

Michelena, 30; 36071-Pontevedra; 986100185

Este documento foi emitido electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: <https://sede.pontevedra.gal> introducindo o seguinte código seguro de verificación:JOICB88UUQQJGZJ5





entende debe levarse a cabo.

IV.- TRAMITACION.

A presente Conta Xeral correspondente ao exercicio 2016 deberá ser sometida a informe da COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS, seguindo os trámites establecidos nos artigos 154 e 155 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Pontevedra, así como no artigo 212 da LALGA, e exposta ao público durante un prazo de quince días máis oito a efectos de reclamacións, reparos ou observacións, antes de ser sometida ao PLENO DO CONCELLO para a súa aprobación definitiva e posterior remisión ó Consello de Contas

Unha vez formada a Conta Xeral do Concello e dos seus Organismos Autónomos correspondente ao exercicio 2016, integrada polos estados e contas anuais previstas na ICAL13, e emitido os informes do OXPC e da Intervención Xeral, así como unidos ao expediente os reparos emitidos durante o exercicio 2016, tal e como se prevé nas Bases de Execución do Orzamento, a Conta Xeral deberá someterse ao DITAME da Comisión Informativa Especial de Contas do Concello de Pontevedra e posterior exposición pública durante o prazo legalmente establecido no artigo 212 do TRLRFL.

